

ENFIANDO

TRADUTORES PARA A PAZ



Texto
Francisco X.
Fernández Naval
Escritor

O pasado día 28 de setembro celebrouse o Día Internacional da Tradución, sendo este o primeiro ano que a festa tivo repercusión en Galicia. Foi ese un día importante, abondoso en actos culturais dos que sitúan a un país no mundo. A máis dos actos propios desta festividade que tiveron lugar en Vigo, coincidiu a inauguración da exposición "Nazón de Breogán: un xeito de soñar Galiza"; na Coruña celebrouse unha homenaxe a Milucha Gurméndez e as compañeiras capaces de desafiar ao franquismo nos anos corenta colocando bandeiras republicanas nos balcóns da praza

de Pontevedra e, como remate de día tan intenso, en Compostela, nos salóns de Fonseca e na igrexa da Universidade, abriu as portas a exposición "Ler imaxes", sobre os arquivos fotográficos de Julio Cortázar.

Cortázar non só foi un dos grandes escritores do século pasado, senón tamén importante tradutor. De tradutor xurado viviu un tempo en Buenos Aires, de tradutor e intérprete traballou para a Unesco,

pero convén lembrar as traducións, celebradas xa como clásicos, de grandes títulos da literatura universal como os relatos de Edgar Allan Poe ou "Memorias de Adriano" de Marguerite Yourcenar. Á inauguración desta exposición asistiu Aurora Bernárdez, primeira esposa do escritor, de orixe galega no concello de Maside e tamén grande tradutora ao castelán dende varias linguas, salientando a súa versión de "A Náusea" de Sartre, algúns dos tomos do "Cuarteto de Alejandría" de Durrell ou boa parte da obra de Italo Calvino. En Compostela, tamén, Francisco Porrúa, de Corcubión, un dos

grandes editores en lingua castelán, tanto polo seu traballo na editorial Sudamericana onde fixo posible a publicación da obra de Cortázar ou de "Cen anos de soidade", como na súa propia editorial Minotauro onde deu a coñecer ao público hispano, entre outros moitos títulos, "O señor dos aneis" de Tolkien, pero tamén el tradutor, que considera este traballo coma unha sorte de lectura microscópica, lenta, onde cada coma, a lonxitude das frases ou das palabras, teñen importancia, oficio duro e ingrato porque nunca chega a ser exactamente o que un quere.

Julio Cortázar, a finais dos anos corenta, traballou como tradutor para proxectos liderados por galegos do exilio, en particular para a editorial Nova, fundada e dirixida por Luís Seoane e Arturo Cuadrado para a que traduciu "O home

**"Polos tradutores
ampliouse o mundo,
por eles veu sempre a
comprensión, o
entendemento, a paz"**

que sabía demasiado" de Chesterton ou "Memorias dunha enana" de Walter de la Mare. Por eses mesmos anos Plácido Castro traducía ao galego poemas deste escritor inglés non demasiado coñecido e tamén por ese tempo, Lois Tobío, a quen se lle dedicou a celebración do 28, colaboraba dende Montevideo con Seoane, Cuadrado e Lorezo Varela, e traducións súas eran publicadas pola editorial Sudamericana.

Eu sempre pensei que os camiños do mundo, malia seren empregados polas forzas da guerra, foron abertos por xente de ben, nómadas, comerciantes ou curiosos que querían descubrir o que había máis alá do horizonte que abranguía a



súa ollada. Xunto a eles, sempre, eses seres particulares, capaces de aprender a lingua do veciño, de a traducir, de interpretar o sentido das palabras e das frases, que tantas veces van máis alá do que significan. Con eles ampliouse o mundo, por eles as descubertas, as relacións, a colaboración, a paz posible, porque por eles veu sempre a comprensión, o entendemento e o abrazo.

Galicia, a súa lingua, a súa cultura, precisa de tradutores e de intérpretes capaces de participar nese dobre xogo de dar e de recibir. Tradutores capaces de incorporar ao mundo do libro en galego os grandes clásicos da literatura universal e as novidades que a todos atraen e interesan e, ao tempo, tradutores curiosos pola nosa lingua e pola nosa cultura, capaces de verquer ás linguas do mundo a nosa produción literaria, de hoxe e de sempre.

Eu teño para min que nesta vida nada sería sen os tradutores. Por eles eu puiden soñar as aventuras máis intensas, vivir as maiores paixóns, con eles reflexionei e aprendín; eles me axudan tamén hoxe a procurar lectores máis alá da nosa xeografía, vocación de todo escritor a de buscar a comunicación máis alá do silencio e do escuro, da distancia e do descoñecemento. Eu quero aos tradutores, esa xente que emprega as palabras nun exercicio permanente pola paz.

Na parte superior, imaxe de Aurora Bernárdez e Julio Cortázar. Sobre estas liñas, Plácido Castro